



Prólogo

De importante contribución ó coñecemento da arquitectura galega pode considerarse este libro que agora publica o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, dedicado a cen anos de arquitectura compostelana. Con esta obra o COAG engádelle un título máis á súa ben cimentada política de publicacións que nos permitiu durante os últimos anos ir coñecendo mellor a riqueza e o perfil propio que a arquitectura cobra nestas terras. Isto é importante porque posiblemente sexan a arquitectura e a lingua as dúas expresións que mellor se funden coa paisaxe e que máis amplamente definen a súa cultura. Por esta razón, o interés sostido co que o COAG está a promover estes estudos é realmente digno de admiración e a súa mención non se pode esquecer ó inícia-la presentación deste novo libro.

Efectivamente, as monografías dedicadas a cuestións de patrimonio, urbanismo, arquitectura medieval ou do século XVIII, xardíns, pazos, arquitectura popular, modernismo, etc, dan fe do que dicimos. Por primeira vez moitos dos edificios alí tratados foron reproducidos, sendo obxecto dunha primeira análise gráfica e do conseguinte xuício de valor, saíndo así do seu anónimo existir para integrárense, segundo o seu interés, na historia da arquitectura,

tan falta destas visións desde o lugar que esixe un ineludible labor de campo. É esta, si, unha forma de anova-la historia da arquitectura, pero non é menos un xeito de contribuír decididamente á súa protección. Ninguén dubida que resulta máis doado defender un edificio catalogado, medido e historicamente valorado, ca aquelas arquitecturas ignoradas por todos. É dicir, a lectura que se pode facer dunha publicación coma a que me honra presentar, é múltiple e non lle pasa desapercibido ó lector que o libro aspira a presentar un mínimo de edificios a protexer nas actuais ou nas futuras intervencións urbanísticas, co fin de impedir actuacións coma a que significou o derrubamento do edificio Castromil, por pormos un exemplo de perda moi significativo.

Querería deixar constancia tamén doutro aspecto, fundamental ó meu ver, e é o feito de que moitos dos estudos mencionados, e este en particular, están vencellados á nova Escola de Arquitectura da Coruña, a través do seu profesorado, e tamén a arquitectos que, fóra da Escola, foron cultivando un interés cara á arquitectura da súa cidade, investigaron, mediron e fotografaron estas arquitecturas esperando temas adormecidos e dán-

dolles saídas a novas cuestións. Deste xeito, ós estudos máis clásicos saídos da Universidade tradicional hai que engadirllas agora o novo pulo e esforzo que este grupo de arquitectos está a desenvolver, polo que todos nos temos que felicitar.

Escribir sobre a arquitectura de Santiago de Compostela e non referirse a algunha das súas máis salientables etapas, sexa a que xira ó redor da súa catedral románica ou ó sucoso barroco que a ela se superpón, pode resultar un exercicio difícil. Pero aínda é máis arriscado se rebordámo-la fronteira cronolóxica do 1800 para referirnos ó período 1850-1950, que non só recolle unha centuria de actividade arquitectónica senón que, ademais, abrangue un período cheo de contradicións e de dificultades. Os autores deste libro saen airosos de semellante empeño, reunindo un considerable e coitado material que, pola súa banda, será aproveitable por outros críticos e historiadores en traballos de diferentes enfoques. É dicir, atopo por unha banda ben documentada a secuencia histórica do período 1850-1950, onde, en definitiva, aparecen reflexados os problemas xerais que se presentan na arquitectura española que lle é contemporánea

noutras cidades. Pero, ó mesmo tempo, apúntanse aquí cuestións susceptibles de tratárense en presentacións doutra índole.

Por exemplo, a posible análise da incidencia do parcelario na composición dos alzados dos edificios de vivendas e a súa distribución interior, máis alá dos trazos eclécticos ou racionalistas das súas fachadas. É dicir, a serie de consecuencias que se poden deducir do excelente traballo de Pablo Costa, para o referente ó desenvolvemento urbano, e de Julián Morenas, no tocante á arquitectura, é, ó meu modo de ver, realmente importante e entendo que de transcendencia para a cidade de Santiago de Compostela, que dende agora poderá alonga-la súa historia como cidade e como arquitectura ata practicamente os nosos días. Neste punto non se omitiron intervencións relativamente recentes, como a que produciu o derrubamento, no 1974, do citado edificio Castromil, obra importante dentro da produción de González Villar. Con este motivo, Julián Morenas pregunta se dende aquela data se progresou na defensa desta parcela do patrimonio cultural que é a arquitectura. Ante a súa resposta pesimista, a vulgar polos novos derrubamentos, querería alentalo lembrando que este mesmo traballo, ata agora inexistente, pode servir de eficaz instrumento para salvagardar aquel mínimo ó que anteriormente se facía

referencia. Agora xa non se pode alegar ignorancia ou mostrar insensibilidade e o feito de que a publicación deste repertorio estea a cargo dunha corporación colexial, coma o COAG, que obriga a todos moralmente, é motivo para que nos sintamos esperanzados.

O libro que agora comentamos está concebido e desenvolvido dende dentro da cidade, pero ¿como se ve esa mesma cidade e a súa arquitectura, neste período, dende fora? ¿Cal é o balanço que a un lector con présa se lle pode adiantar desta centuria?

En primeiro lugar, comprobamos unha vez máis que en Santiago se produce esa dobre operación chamada reforma interior e ensanche que coñece o resto das capitais españolas. A primeira foi, afortunadamente, tímida e de ningún xeito se considerou a posibilidade dunha "gran vía" que foi o pesadelo das cidades monumentais, das que Granada segue a se-lo exemplo negro dentro da particular historia da destrución do patrimonio urbano e arquitectónico español. A desamortización tampouco xerara expectativas importantes a efectos de novas prazas e construcións, de tal xeito que as reformas interiores estiveron limitadas, principalmente, a un exercicio de aliñacións buscando endereitar algunhas quebras a prol da liña recta, que parece converterse na aspiración máxima e na regra urbanística de execución

máis urxente. Ángel Ganivet, comentando esta preocupación "lineal" xeralizada nas cidades do fin do século, escribía no 1896 que chegou un momento no que "los hombres no pudieron dormir tranquilos mientras su calle no estuviera tirada a cordel". Moitas das reformas proxectadas en Santiago nin sequera se realizaron, como se pode observar nas páxinas dedicadas a elas, co que Compostela aínda conserva unha fisonomía urbana preindustrial de grande interés e personalidade, que outras cidades perderon despois do reformismo decimonónico.

Por outra banda, o ensanche sur de Santiago produciuse moi serodiamente, pertencendo ó que noutro lugar chamei segunda tanda dos ensanches españois. Non obstante, aquí agudízase de xeito especial este retraso debido ó moroso procedemento administrativo que foi introducindo constantes modificacións no proxecto orixinal, segundo estudia polo miúdo Pablo Costa. Neste caso, como en xeral na historia dos ensanches españois, aínda por estudar e valorar no seu conxunto, establecendo comparacións, paralelismos, modelos, desfases, verifícase a tendencia a desvirtuacións das primeiras propostas sempre máis xenerosas cás súas realizacións. Os proxectos de Cerdá, Castro, Amado Lázaro, etc., para outras tantas cidades española víronse amplamente rebordados por u-

nha realidade que relegaba aqueles a categorías utópicas, non porque en si mesmo solapes fosen irrealizables, senón porque nós fomos incapaces de levármolos á práctica.

Algo disto ocorreu co abraiante proxecto da Residencia de Estudiantes, cun interés que hai que medilo no proxecto e non na mínima parte realizada. Entre este Campus universitario e a cidade acondicionáronse ó longo do século XIX uns xardíns públicos, os primeiros e máis importantes que chega a ter Santiago, que se ben tiña tan próxima unha xenerosa natureza circundante de beleza tan senlleira, a cidade burguesa do oitocentos esixía contar con zonas axardinadas, plantíos, paseos coma o da Ferradura e o da Alameda, na que se colocaría o kiosco da música para os concertos matinais do domingo, isto é, cumprindo un programa adoito no esquema da cidade do século XIX.

Cando da análise do plano da cidade pasamos á arquitectura que xorde sobre el neste período, os problemas multiplícanse e agudízanse á hora de ordenar unha das etapas da historia da arquitectura máis difíciles de definir. Así e todo, Julián Morenas, baixo o epígrafe xenérico de "Outra arquitectura" para distinguila daqueloutra que máis inmediata e historicamente identificamos con Santiago de Compostela, organizou acertadamente os materiais en varios capítulos, levando cada un destes as

datas aproximadas nas que se desenvolve determinada linguaxe, posto que o elemento abrangedor foi o expresivo ou "estilístico", e non o tipolóxico ou de uso. Xorden así varios capítulos ordenados estilística e cronoloxicamente pero que, de calquera xeito, esixen do lector a flexibilidade necesaria para entendelos solapes cronolóxicos ós que conduce a coexistencia formal de dúas ou máis linguaxes distintas. Noutras verbas, as vertentes da arquitectura nestes anos son moitas e diversas e aparecen asemade coma as notas diferentes dun acorde, que despois descompomos a xeito de arpexio para coñecermos individualmente aquelas. Este método resulta indispensable cando un mesmo arquitecto fai arquitecturas formalmente dispares e a cidade ve medrar xuntos edificios de comportamento moi diferente.

En definitiva, a arquitectura de traxectoria lineal e consecutiva (románica, gótica, renacentista, barroca, neoclásica) déixalle paso, ó longo e dende o século XIX, a unha arquitectura de expresión múltiple e simultánea nun proceso case "babélico", producindo obras dunha beleza épica en moitas ocasións, ata que o Movemento Moderno impuxo orde e xurdiu un novo academicismo de signo racionalista co que comeza de verdade a arquitectura do noso século. Esta situación varía moi pouco dun lugar para outro e, de calquera xeito, estas variacións poden su-

por nada máis ca un determinado desfase cronolóxico. Así, o capítulo racionalista sitúase en Santiago entre 1930 e 1950, segundo o autor, o que equivale a dicir que ata mediados do século XX teñen vixencia en Santiago comportamentos moi tradicionais e enraizados no século XIX. Sirvan de exemplo as serodias mostras da arquitectura rexionalista compostelana (1940-1950), moi lonxe xa do contexto e da calor dos debates xurdidos ó redor do VI Congreso Nacional de Arquitectos, celebrado en San Sebastián en 1915, onde montañeses e andaluces defendían a oportunidade dunha arquitectura nacional-rexionalista. Así, resulta abraiante a data de 1952 para obras coma o pazo-sanatorio de Manuel Gómez Román, o que non lle mingua interés nin calidade á obra deste vello e polifacético mestre vigués, que soubo manexar con seguridade e sen excesos os elementos "rexionais" da arquitectura galega, sen desbotar outros procedentes dun repertorio rexionalista medio e tópico que o tempo se ocupou de ir seleccionando a xeito de pouso "inter-rexional" de doada aplicación en calquera lugar, nunha mistura sempre atractiva e humana.

Particularmente atopo maior dificultade na estruturación do capítulo dedicado á arquitectura ecléctica, para a que se fixan as datas de 1915-1939. Sen dúbida, a heteroxeneidade dos edificios alí recollidos (edificio Castromil,

Hotel Compostela, Telefónica, Almacéns Simeón, Mercado de Abastos, etc.) aconsellou a Julián Morenas incluílos baixo este epígrafe tan dúctil. Sen embargo, coido que o seu contido non sería difícil de distribuír noutros apartados que, en definitiva, participan tamén do mesmo carácter ecléctico. É dicir, ó meu ver, non existe unha arquitectura ecléctica, senón que o eclecticismo é unha condición de practicamente todo o proceso proxectual do período que aquí se estudia. Ó meu modo de ver, o rexionalismo citado é tan ecléctico coma a arquitectura modernista que poidamos achar polas rúas de Santiago. O Pavillón do Recreo Artístico e Industrial proxectado por Antonio Palacios resulta tan ecléctico coma as arquitecturas de Manuel Gómez Román. Non quero dicir con isto que aquel e estas se asemellen, senón que os proxectos de ambos están abordados cun mesmo espírito ecléctico e tolerante que permite o libre manexo dos elementos que compoñen cada unha das linguaxes escollidas. En resume, entendo que o eclecticismo é, antes de nada, unha actitude e esta revélase finalmente na obra á marxe da expresión elixida. Isto reborda non só as datas sinaladas, senón que acaba por converte-lo eclecticismo nunha sombra que acompaña a arquitectura ó longo da súa historia. Que algúns dos edificios citados se poderían encaixar máis comodamente noutros lugares, sen

por iso deixaren de ser eclécticos, evidénciao, por exemplo, a sede da Telefónica, que participa dos xestos entre historicistas e rexionalistas de moitos edificios pertencentes a cadeas hoteleiras, bancos, servicios de correos, estacións de ferrocarril, etc., que buscaron por este medio converterse nun reclamo propagandístico para conectaren axiña coa cidade e atraeren máis doadamente a súa clientela, por medio dun proceso pretendidamente mimético. No caso do edificio da Telefónica de Santiago (1929), proxectado polo arquitecto da Compañía, José María de la Vega, asistimos a un exemplo modélico do que dicimos. O Concello consentira derruba-la coñecida ata aquela como "Casa Grande", obra interesantísima do século XV, coa condición de que a súa nobre portada, tamén daquela centuria, con rica gornición moldurada, fose incorporada ó novo edificio da Compañía Telefónica que, por este procedemento, atopoulle solución a unha das premisas fundamentais da "arquitectura telefónica", nestes primeiros anos do seu mercado español, como era a de ocupar un lugar céntrico e importante na cidade. Conseguida a licencia para edificar sobre o vello solar da "Casa Grande", nun lugar privilexiado e inmediato ó núcleo monumental, relixioso e civil da cidade, o arquitecto incluíu no seu proxecto a mentada porta gótica, o que produciu o conten-

tamento do Concello, manifestado así, segundo a transcripción de Julián Morenas: "Significarlle á Compañía Telefónica Nacional de España a satisfacción con que ve que no proxecto do edificio se atenderon as indicacións que sobre iso por parte do Concello se fixeran", e así mesmo felicitábase "polo acerto co que o seu distinguido arquitecto, o Sr. Vega, soubera trazar unha edificación *que tan de cheo encaixa no medio desta cidade de Compostela*".

Esta e outras arquitecturas semellantes, que buscaban o afago ás corporacións municipais, respondían a unha política ben calculada e emanada, no caso da Telefónica, do chamado Departamento de Edificios, con sede en Madrid, dirixido polo arquitecto Ignacio de Cárdenas, co que colaboraba, entre outros, José María Vega. En 1984 tiven a ocasión de escribir unha extensa monografía sobre o edificio da Telefónica de Madrid, desgraciadamente publicada para unha distribución interna da propia Compañía, que me deu a oportunidade de achegarme a un tipo de fontes non adoitadas e, entre elas, á *Revista Telefónica Española*, que conta con interesantísimos artigos e moi especialmente para a cuestión que estamos a tratar. Interésame reproducir algúns parágrafos dun deles, porque bota luz sobre moitas cuestións e, en especial, sobre o carácter que debía te-la arquitec-

tura da Compañía: "En la enorme labor que la Compañía realiza para dotar a España de un servicio telefónico modelo, *es el edificio un factor importantísimo* para la garantía del éxito que todos perseguimos. En negocios tan especiales como el de la Compañía, cuya propiedad y vida tanto han de depender del favor del público, es preciso satisfacer a éste por cuantos medios estén a nuestro alcance... Difícil comparación tiene el edificio telefónico con otros destinados a fines parecidos, pues si esencialmente es un edificio de carácter industrial, es también como una embajada de la Compañía en las ciudades españolas... La idea nacional de nuestra Compañía se afirmará en las fachadas de sus edificios, las cuales *pretendemos siempre que armonicen con el carácter peculiar de cada población*, y así se levantó en Santander la primera Central de mercado estilo montañés... En el de Sevilla se empleará toda la riqueza decorativa del arte antiguo y moderno sevillano... en Las Arenas, en Vizca-

ya, haremos una Central que asemejará a un pintoresco case-río vasco..." O artigo está escrito no 1927 e o seu autor é Ignacio de Cárdenas. Aínda que a cita foi longa, pagaba a pena traela aquí para considera-lo alcance desta sorte de rexionalismo inducido.

Comentarios semellantes poderían facerse sobre outras obras, pero non querría eu fatiga-lo lector nin impedir que el mesmo vaia facendo os seus propios considerandos. Unicamente lembrarei que o libro conta tamén cun longo capítulo dedicado ó que o seu autor chama arquitecturas autóctonas e académicas, dominado pola arquitectura doméstica que na súa organización, materiais, soportais e galerías responde ás tradicións propias. A súa linguaxe é tamén ecléctica e prepara a chegada dunha onda modernista de variada especie e que nos descobre unha páxina insólita dentro da arquitectura compostelana. O temperán apoio do modernismo por escultores coma Ramón Núñez, a súa aparición en garaxes,

tintorerías, teatros e mesmo nun lugar tan pouco adoito como é a arquitectura relixiosa, fan deste capítulo unha auténtica aportación chea de atractivo que ven a enriquece-la experiencia modernista en Galicia.

O libro remata cunhas breves páxinas de Carlos Almuíña sobre defensa do patrimonio arquitectónico e unha relación biográfica dos principais arquitectos que traballaron estes anos en Santiago de Compostela, sendo interesante constata-la presenza, ou alomenos os proxectos, de dous grandes arquitectos que deixaron en Madrid obras senlleiras. Refírome a Ricardo Velázquez Bosco e Fernando Arbós, autores respectivamente da antiga Escola de Cegos e Xordomudos e da Facultade de Medicina e Hospital Clínico. Ámbalas dúas son obras importantes dende tódolos puntos de vista e non é o menor a lembranza de quen impulsou estas e outras arquitecturas de empeño e pulo, como o foi don Eugenio Montero Ríos.

Madrid, marzo do 1988
Pedro Navascués Palacio

